



Reclamante: [REDACTED]

Expediente. Nº **RSCTG 211/2021**

Correo electrónico:

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista a reclamación presentada [REDACTED], mediante escrito do 17 de decembro de 2021, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 22 de febreiro de 2022, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro.- [REDACTED] presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 17 de decembro de 2021, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a Resolución da Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal do 24 de novembro de 2021, pola que se estima, con disociación dos datos de carácter persoal, a súa solicitude de acceso ante a Consellería do Medio Rural, de obtención de copia de documentos nos que figuren datos identificativos de solicitantes de determinadas talas de de eucalyptus giabutus.

A reclamante indicaba que na resolución se lle facilita a información, con disociación dos datos persoais expresamente solicitados para poder presentar a reclamación xudicial pertinente, contra as persoas solicitantes ou presentadoras.

O escrito viña acompañado de copia da solicitude presentada e do seu DNI.

Segundo. Con data do 4 de xaneiro de 2022 déuselle traslado da documentación achegada pola reclamante á Consellería de Medio Rural para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A solicitude foi recibida pola Consellería con data do 12 de xaneiro de 2022.

Terceiro. Con data do 27 de xaneiro de 2022, a Consellería de Medio Rural remite copia do expediente tramitado e informe sobre a reclamación presentada.

No informe asinado polo Dirección Xeral de Planificación e ordenación forestal, faise constar que se lle deu acceso á documentación solicitada das distintas parcelas, cos datos de carácter persoal disociados. A información remitida é a que figura na aplicación CORPRI utilizada pola dirección xeral para a xestión dos aproveitamentos forestais e a Dirección Xeral considera adecuada a contestación dada por dúas ocasións na que se lle comunico á administrada a imposibilidade de facilitarlle os datos solicitados e remitirla a una posible actuación xudicial que puidera proporcionarlle os ditos datos, previa disociación dos datos persoais.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa

tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poder públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñeráse no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

No presente caso, a reclamación presentouse o 17 de decembro de 2021, contra a resolución ditada o 24 de novembro de mesmo ano, polo que debe admitirse a mesma por estar presentada en prazo.

Quinto.- Análise do expediente

A interesada solicitou da Consellería de Medio Rural acceso aos datos identificativos dos solicitantes de talas de determinadas arbores nas parcelas catastrais que indica.

A Consellería resolveu dándolle o que considera acceso parcial á información, xa que lle remite a información que figura na aplicación utilizada pola dirección xeral para a xestión dos aproveitamentos forestais, pero dissociando os datos de carácter persoal, que era o que precisamente solicitaba a interesada. Por tanto, considérase que a resolución non foi de acceso parcial, senón de denegación dos datos solicitados.

No relativo á protección de datos de carácter persoal, o artigo 15 da Lei 19/2013, establece que se a información solicitada contén datos persoais que revelen a ideoloxía, afiliación sindical, relixión ou crenzas, o acceso unicamente poderase autorizar no caso de que se contase co consentimento expreso e por escrito do afectado, agás que o afectado fixese manifestamente públicos os datos con anterioridade a que se solicitase o acceso, e se fan referencia á orixe racial, á saúde ou á vida sexual, datos xenéticos ou biométricos ou datos relativos á comisión de infraccións penais ou administrativas unicamente se pode autorizar si se conta co consentimento expreso do afectado ou se está amparado por unha norma con rango de Lei.

Nos casos nos que a información solicitada non contivese datos especialmente protexidos, concederáse o acceso previa ponderación suficientemente razoada do interese público na divulgación e os dereitos dos afectados, en particular o seu dereito fundamental á protección de datos de carácter persoal, para o que o órgano tomará en consideración, entre outros criterios, a xustificación polos solicitantes da súa petición no exercicio dun dereito, o menor prexuízo dos dereitos dos afectados no caso de que os documentos unicamente contivesen datos de carácter meramente identificativo daqueles ou a maior garantía dos dereitos dos afectados no caso de que os datos contidos no documento poidan afectar á súa intimidade ou á súa seguridade.

No presente caso, non figura nin na resolución impugnada, nin no informe remitido, que se fixese tal ponderación, nin consta que, dado que a información solicitada afecta a dereitos ou intereses de terceiros debidamente identificados, se abrise o correspondente período de audiencia aos mesmos, de conformidade co disposto no artigo 19.3 da Lei 19/2013, para que

puidesen realizar as alegacións que estimasen oportunas, para tras analizar as mesmas, a Administración actuante valorase se debe primar o interese público na difusión da información, concedendo neste caso acceso á mesma, ou debe primar a protección dos intereses privados que estes terceiros poidan alegar, denegándoa neste caso, previa xustificación debidamente motivada.

Procede por tanto a retroacción do expediente á fase anterior á súa resolución, debéndose abrir o correspondente trámite de audiencia, e unha vez feita a ponderación e xustificada convenientemente, se resolva o que proceda sobre o acceso.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

ACORDA

Único: Estimar para a retroacción, a reclamación presentada por [REDACTED] con data do 17 de decembro de 2021, contra a Resolución da Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal do 24 de novembro de 2021, pola que se estima, con disociación dos datos de carácter persoal, a súa solicitude de acceso ante a Consellería do Medio Rural, de obtención de copia de documentos nos que figuren datos identificativos de solicitantes de determinadas talas.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, na data da sinatura.

Firmado digitalmente por 76706870F MARIA
DOLORES FERNANDEZ (R: S6500009C)
Fecha: 2022.02.24 11:29:18 +01'00'

María Dolores Fernández Galiño
Presidenta da Comisión da Transparencia.